TRABALLO DE LECTURA 3º ESO. 1ª Avaliación. Curso 2012/13

1. Deberedes ler o libro: **Fran Alonso: *Cartas de amor*, Xerais.**
2. Teredes que facer o traballo que se expón máis abaixo e entregalo antes do 14 de decembro.
3. A ortografía e a presentación son partes fundamentais e a súa corrección verase reflectida na nota. O traballo deberá constar de portada, índice, os enunciados das distintas cuestións e as súas respostas e a relación completa de toda a bibliografía empregada, tanto en papel como electrónica.
4. A comezos de decembro dedicaranse algunha clase á elaboración deste traballo na biblioteca do centro ou na aula de informática..
5. Antes de lanzarvos a desenvolver o traballo, lede todas as cuestións que se vos pide que respondades e collede anotacións nun caderno antes da redación final pois pode resultar de grande axuda para levar a bo porto este traballo.

CUESTIÓNS PARA O TRABALLO

1.Fai unha breve relación comentada dos temas centrais dos relatos que compoñen Cartas de amor
2. Analiza brevemente as personaxes protagonistas.
3. Cal é a visión que a protagonista de "Ilegal" dá do noso país?
4. Comenta brevemente aqueles relatos onde é especialmente significativa a chamada da terra. (Repara en "Sáhara, améndoa amarga", "Ilegal", "Zé, volcán de amor" ou "Lonxe").
5. Comenta os sentimentos encontrados que manifesta Begoña, "señora de Núñez".
6. Segundo a narradora do conto "A guerra", que é o peor, que fai máis dano, nos conflitos bélicos?
7. Ler e escribir son as dúas caras da mesma moeda**.** Agora tócache a ti, deberás crear a túa propia carta de amor (os rapaces tamén deben escribila como se fosen unha protagonista feminina): Es unha adolescente que debe emigrar coa súa familia por razóns económicas. Escribe unha carta ao teu noivo, que expresou o seu desexo de acompañarte a pesares das dificultades que conleva.
8. Realiza 5 propostas para mellorar a vida das prostitutas en países dentro da categoría de "Turismo sexual". Investiga. A intención é que reflexionen entorno ao que significa o uso como obxecto sexual das persoas, en especial dos nenos e nanas.
9. Selecciona o relato que máis che gustou e xustifica a túa elección.

10. Fai unha pequena lista de polo menos cinco razóns para axudar a Besmeh a soportar a vida no campamento de refuxiados.
11. Cómo calificarías a actitude do marido de Belinha ao partir de Cabo Verde?
12. Que leva a Dyana a dedicarse á prostitución?
13. Como refixo Begoña a súa vida tras a guerra?
14. Que cres que pensa facer Maida despois de deixar Saraxevo?
15. Qué farías ti no caso de encontrarte na situación de Bárbara?
16. Con que personaxe te sentiches máis identificado? Xustifícao.
17. En comparanza cos outros relatos, o titulado "Confesión" presenta unhas características que o diferencian. Coméntaas.
18. As grandes protagonistas desta obra son sempre personaxes femininos. Por que che parece que Fran Alonso as elixe?
19. Fai unha breve reseña da vida e obra do autor do libro.
20. Opinade; dicídeme se vos gustou facer este traballo, se vos levou moito tempo,se gastastes moitas enerxías, se foi tremendamente aburrido, se resultou horrible e por que.

Sobre este traballo eu opino o seguinte...

Sobre o libro de Cartas de amor eu opino o seguinte...